

A FESTA DO BELÉN

Letra y música: CHEMA PURÓN

Outra vez por fin chegamos a este día
que parece que pintaron de alegría,
hoxe a estrela que deixamos xa de ver
"volverá a brilar" de novo no Belén.

Canto tempo esperando este momento
de poñerlle vida e luz ao Nacemento,
de ano en ano, suspirando por volver
a xuntarnos outra vez,
como sempre nesta festa do Belén.

**Saca a "Virxen" María, saca ao señor San Xosé,
ti pon o berce do neno... é a festa do Belén.
Eu vou facendo que o río volva de novo a correr
e o lume por se vai frío... é a festa do Belén.
Imos poñendo pastores e os rabaños tamén,
o anxo entre algodóns... é a festa do Belén,
eoá eoé... é a festa do Belén. (bis)**

Outra vez abrindo caixas de sorrisos
e con mofo dando forma un paraíso
despregando na parede un ceo azul
e acendendo nas xanelas unha luz.

Todos xuntos " pra" vivir este momento
de "volver a darlle" vida ao Nacemento,
colocando as figuras outra vez,
cada casa "volve a ser"
unha festa coa festa do Belén.

**Saca a "Virxen" María, saca ao señor San Xosé,
ti pon o berce do neno... é a festa do Belén.
Eu vou facendo que o río volva de novo a correr
e o lume por se vai frío... é a festa do Belén.
Imos poñendo pastores e os rabaños tamén,
o anxo entre algodóns... é a festa do Belén,
eoá eoé... é a festa do Belén. (bis)**

**Saca a "Virxen" María, saca ao señor San Xosé,
ti pon o berce do neno... é a festa do Belén.
Eoá eoé... é a festa do Belén. (bis)
eoá eoé... é a festa do Belén, eoa eoé.**

ALÓ ENTRE AS PALLAS

**Aló entre as pallas cheo de frío,
vinde pastores ver o Meniño,
chegade presto, vinde “apresiña”
porque xa espera o Carrapuchiño.**

**Chegade presto, vinde “apresiña”
porque xa chega o Carrapuchiño,
aló entre as pallas cheo de frío,
porque xa espera o Carrapuchiño.**

Ten cara meigosa de neve carmín,
ten labios vermellos cal rosa de abril,
mirada tan tenra, tan dóce o rir
que crava na “ialma”, crava sen ferir,
crava sen ferir...

**Aló entre as pallas cheo de frío,
vinde pastores ver o Meniño,
chegade presto, vinde “apresiña”
porque xa espera o Carrapuchiño.**

**Chegade presto, vinde “apresiña”
porque xa chega o Carrapuchiño,
aló entre as pallas cheo de frío,
porque xa espera o Carrapuchiño.**

CANTADE RAPACES

Campás repenican por prados e vales
anunciando ledas unha boa nova
que o vento espalla por todo o lugar.

Aló en Belén nun pobre Portal,
nun leito de pedra, o Rei no Pesebre
nas pallas humildes agochado está.

**“Cántade” rapaces, “cántade” comigo,
“énchedelle” a “ialma” de cantos amigos,
que non teña fame, que non pase frío,
“quéntadelle” o corpo con bicos e mimos.**

**E aló entre as pallas “durme” o Meniño,
ímolo loubar e darlle agarimos,
que o mundo saiba que nun Portal frío
na noite chegou o Rei prometido.**

DÍA DE REIS

1- Día de Reis, día de Reis,
primeira festa do ano,
entre damas e doncelas
imos pedir o aguinaldo.

2- Se queren dálo aguinaldo
non nos fagan agardare,
somos de lonxanas terras
e temos moito que andare.

3- E ese señor Emilio
posto nunha vidrilleira
parece unha rosa fina
cando sae da roseira.

4- E ese señor Luis
moito lle pinta a chaqueta
meta a man no seu bolsillo
e tírenme unhas pesetas.

5- De quen son eses “botines”
que están debaixo da cama?
Son da señorita Olga
que ten cara de madama.

6- A ese señor Tomás
moito lle pinta o sombreiro,
meta a man no seu bolsillo,
déanos un pouco “diñeiro”.

7- E aquí ven, aquí ven,
a vella co aguinaldo,
parécenlle moitos cartos
e algo vaille quitando.

8- Estas portas son de ferro
aquí vive un “caballero”.
Estas portas son de estopa
aquí vive un lapasopas.

9- Día de Reis, día de Reis,
primeira festa do ano,
entre damas e doncelas
imos pedir o aguinaldo.

DIN DON DIN PON PON

DIN DON DIN PON PON

Era un vintecinco do Nadal, pon pon
viña un neno triste cara min, pon pon
dime, por que choras meu rapaz?
A ninguén me gusta ver sufrir.

Díxome: estou farto de petar, pon pon
"tódalas" portiñas por aí, pon pon
Que é o que buscas?-ía preguntar...
cando escoitei cantar así:

VINDE "VE-LO" NOSO NENO,
VINDE "VE-LO" NOSO AMOR,
QUE NACEU ONDE UN CORTELLO,
É O NOSO SALVADOR.

VINDE "VE-LO" PEQUENIÑO
TAN BONITO COMA UN SOL,
QUENTADIÑO NAS PALLAS
VAI "SE-LO" NOSO SEÑOR.

DIN DON DIN PON PON

Xa sei porque petas meu rapaz, pon pon
e ninguén te vai a recibir, pon pon
seica xa naceu o noso Deus,
eu tampouco sei a onde ir...

Mira os tres Reises, meu rapaz, pon pon
seguinto unha estrela por aí, pon pon
son Melchor, Gaspar e Baltasar,
mira Baltasar cantando así...

VINDE "VE-LO" NOSO NENO,
VINDE "VE-LO" NOSO AMOR,
QUE NACEU ONDE UN CORTELLO,
É O NOSO SALVADOR.

VINDE "VE-LO" PEQUENIÑO
TAN BONITO COMA UN SOL,
QUENTADIÑO NAS PALLAS
VAI "SE-LO" NOSO SEÑOR.

DIN DON DIN PON PON

E por fin corremos contemplar, pon pon
que clase de estrela eres ti? Si, si
non sabemos onde vas parar
e saímos nós detrás de ti...

Cando ao fin chegamos ao Portal, pon pon
San Xosé saiunos recibir, mua mua
Logo comezamos a escoitar
a María que cantaba así...

VINDE "VE-LO" NOSO NENO,
VINDE "VE-LO" NOSO AMOR,
QUE NACEU ONDE UN CORTELLO,
É O NOSO SALVADOR.

VINDE "VE-LO" PEQUENIÑO
TAN BONITO COMA UN SOL,
QUENTADIÑO NAS PALLAS
VAI "SE-LO" NOSO SEÑOR.

DIN DON DIN PON PON

ESO É O NADAL

**DADADÁ DADA DUMDUM DÁ
DADADÁ DADA DUMDUM DÁ**

**Se te paras ben a pensar
que o que pode ser o Nadal...
que Xesús naceu, foi nun Pobre Portal,
eso é o Nadal.**

**E se queres ben forte anunciar
que o Belén é algo celestial,
é a paz, é o amor, é o noso cantar,
eso é o Nadal.**

**Nun alpendre ben pequeno
está o noso Rei,
nun Pesebre está o Neno,
dorme o Noso Ben.**

NACEU EN BELÉN

Eu quería ser o ceo,
eu o ceo quería ser,
para estar xunto á estreliña
que nos leva ata Belén.

NO CEO, MEU BEN, NON SABES TAMÉN QUE
HOXE NACEU O SEÑOR?
NON SABES MEU BEN? NACEU EN BELÉN,
É O NOSO SALVADOR.

Eu quería ser a noite,
noite clara, noite azul,
para ir xunto ao Pequeno,
ata onde está Xesús.

NO CEO, MEU BEN, NON SABES TAMÉN QUE
HOXE NACEU O SEÑOR?
NON SABES MEU BEN? NACEU EN BELÉN,
É O NOSO SALVADOR.

Eu quería ser estrela,
eu estrela quería ser,
para dar luz ao camiño
que nos leva ata Belén.

NO CEO, MEU BEN, NON SABES TAMÉN QUE
HOXE NACEU O SEÑOR?
NON SABES MEU BEN? NACEU EN BELÉN,
É O NOSO SALVADOR.

NADAL DE LUÍNTRA

Cara Belén camiña
unha nena ocupada,
fermosa en canto a ela,
San Xosé a acompaña.

Chegaron a Belén
e pediron pousada,
responderon de adentro
con voz alborotada.

-Quen chama á miña porta?
Quen á porta me chama? -
-Somos Xosé e María
que pedimos pousada.

-Se traen cartos que entren
e senón que se vaian.-
-Cartos non traerei,
máis que un real de prata-.

-Eses son poucos cartos,
pídano noutra parte-.
San Xosé se apenaba,
María o consolaba.

-Non te apenes Xosé,
non te apenes por nada,
que máis cartos que queres,
que isto que me acompaña.

La la la la la la
La la la la la la

NEVA EN BELÉN

Neva en Belén, todo está dormido.
Chora o Neno Deus, que ten moito frío.

**Imos a Belén a darlle calor,
imos a cantar con frauta e con tambor.
Imos a Belén a cantar a Deus,
imos a loubar ao Neno que naceu.**

Nun cortello El está, só lle din non hai lugar,
non hai lugar para o Señor, Cristo Xesús Salvador.
Os pastores chegarán e os Magos veñen xa,
que lle traerán? que lle traerán? que lle darán ao Señor?

**Imos a Belén a darlle calor,
imos a cantar con frauta e con tambor.
Imos a Belén a cantar a Deus,
imos a loubar ao Neno que naceu.**

A Virxe faille cueiros, ai la lá la la
e un berciño Xosé, ai la la lá
os "anxeliños" xa cantan, ai la lá la la
regalos traen os Reis, ai la la lá.

**Imos a Belén a darlle calor,
imos a cantar con frauta e con tambor.
Imos a Belén a cantar a Deus,
imos a loubar ao Neno que naceu.**

NOITE AZUL

Noite azul sen igual,
Deus nos dea un feliz Nadal,
Noso lar está “cheio” de luz,
paz na Terra, naceu Xesús.

O REI PEQUENIÑO

Que lindo Meniño de “cábelo” de ouro
naceu “lá” na serra na noite de paz!
O mellor destino e o maior tesouro
non valen na terra o ben que nos fai.

**Para Deus pedir, “vamos” pois cantar
sinxela oración ao Rei Pequeniño.
“Déixalo” durmir, “déixalo” soñar,
as cantigas son soños do Meniño.**

“Índa” tan Pequeno, “índa” sen idade,
xa nos bate as Palmas “a sorrir” de amor.
Nun ollar sereno de tal claridade
trae as nosas almas a Paz do Señor.

**Para Deus pedir, “vamos” pois cantar
sinxela oración ao Rei Pequeniño.
Déixalo durmir, déixalo soñar,
as cantigas son soños do Meniño.**

OS AGASALLOS DO NADAL

Canta con nós esta canción,
cantar é unha ilusión
dóce e feliz que está en ti!
Presta atención!

Foi en Belén onde naceu
un Meniño Salvador,
cheo de paz o Neno Deus
e cheo de amor!

A-GA-SA-LLOS

Imos todos levarlle “ó” Señor.

Ouro, incenso, mirra,
leite, polvoróns,
tortiñas de mel que saben moi ben
e a nosa calor.

Todo o cariño
lle levaremos “ó” Señor,
pois oracións que son cancións, dan emocións,
cantaremos ao solpor.

A-GA-SA-LLOS

Imos todos levarlle “ó” Señor.

VINDE LEDOS

**Vinde ledos, galeguiños,
“veréde-la” cousa mellor,
ao Meniño máis fermoso
que nunca alumbrou o Sol.**

Heiche de dar un garrido,
heiche de dar unha flor,
unha flor que foi collida
ai! no campo de Xericó.

**Vinde ledos, galeguiños,
“veréde-la” cousa mellor,
ao Meniño máis fermoso
que nunca alumbrou o Sol.**

“Tódolos” pastores cantan
e ti chorando meu ben,
“anxeliños” coas “alas”
cubride ao Noso Señor.

**Vinde ledos, galeguiños,
“veréde-la” cousa mellor,
ao Meniño máis fermoso
que nunca alumbrou o Sol.**

"Volver á casa por Nadal"
(Xabarín & Xababanda)"

Neve nas montañas
tres magos que veñen e van,
panxoliñas doces
cantamos porque é Nadal.

**En primavera hai que voar,
nadar na praia no verán,
pasar o outono en Nova Iorque,
volver á casa por Nadal.**

Chegou o tempo de soñar,
sen deixarmos de xogar,
nun mundo cheo de paz,
fogares cheos de amor.
Quen colleu o mando da televisión?

**En primavera hai que voar,
nadar na praia no verán,
pasar o outono en Nova Iorque,
volver á casa por Nadal.**

Todo o ano sen parar,
volver á casa por Nadal.

XA ME TARDAN ESTES MAGOS

Xa me tardan estes Magos,
eu non sei por onde andarán,
seica os viron camiñando
polas rúas do Nepal.

**Onde andarán, non sei onde están...
xa me tardan, xa...
Onde andarán, non sei onde están...
xa me tardan, xa...**

Sei que andan ocupados
e non paran de dicir
que fagamos menos guerras
que senón deixan de vir...

**Onde andarán, non sei onde están...
xa me tardan, xa...
Onde andarán, non sei onde están...
xa me tardan, xa...**

Xa me tardan estes Magos
e iso que me portei ben,
din que os viron camiñando
polas rúas de Belén.

**Onde andarán, non sei onde están...
xa me tardan, xa...
Onde andarán, non sei onde están...
xa me tardan, xa...**

Xa me tardan estes Magos,
eu non sei onde andarán,
non pedín moitos regalos
“pra” que cheguen “pra” os demais.

**Onde andarán, non sei onde están...
xa me tardan, xa...
Onde andarán, non sei onde están...
xa me tardan, xa...**